

PUBLICACIÓN DERIVADA DO XXXVIII CONGRESO INTERNACIONAL DA ASOCIACIÓN DE NOVAS LINGÜISTAS

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NORMATIVA PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

Importante: os orixinais que non cumpran coa presente normativa non serán admitidos para a súa revisión anónima. Tampouco serán admitidos manuscritos enviados despois da data límite establecida: **14 de marzo de 2024, 23.59h** (hora peninsular).

Prazo de entrega prorrogado ata o 31 de marzo de 2025 ás 23.59h (hora peninsular).

Aviso: será obrigatorio seguir as Normas APA 7ª edición.

1. EXTENSIÓN, FORMATO E ORGANIZACIÓN DO TEXTO

As marxes laterais serán de 3 cm e as inferiores e superiores de 2,5 cm (normal en Word). A extensión dos artigos será de entre 9 e 12 páxinas, incluíndo a bibliografía final. Utilizarase a fonte Times New Roman cos seguintes tamaños:

- Tamaño 14 para o título do artigo.
- Tamaño 12 para o corpo do texto, o(s) nome(s) da(s) persoa(s) autora(s) e a institución á que pertence(n).
- Tamaño 11 para as citas en parágrafo á parte, os exemplos e o texto dentro de táboas.
- Tamaño 10 para as notas a pé de páxina.

O interliñado será de 1,5 no corpo do texto e 1,25 nas citas en parágrafo á parte e en notas ó pé. En todos os casos o texto irá xustificado.

A primeira liña de cada parágrafo (agás o primeiro parágrafo de cada sección ou o primeiro parágrafo despois de imaxe, cita etc.) irá sangrada a 1,25 cm e para isto deberá utilizarse a ferramenta sangría do procesador de textos e non o tabulador nin a barra espazadora.

De querer organizar o artigo en bloques (por exemplo: introdución, metodoloxía etc.), os títulos interiores dos apartados irán en versaleta e letra grosa, sen sangrado adicional, con numeración arábica e cun punto tras o número. Os subapartados, pola súa parte, irán en letra

redonda e grosa. Por último, de precisar un terceiro nivel, os títulos deberán aparecer en letra cursiva. Exemplo:

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Primeiro nivel 1

1.1.1. Terceiro nivel

1.2. Primeiro nivel 2

2. METODOLOXÍA

Todos os títulos dos apartados e subapartados de primeiro e segundo nivel levarán un espazado anterior de 12 puntos e debe marcarse nos axustes de paxinación do parágrafo que se conserve xunto co seu texto (Parágrafo... > Liñas e saltos de páxina > Paxinación > Conservar co seguinte).

Nas transcripcións fonéticas usaranse os símbolos e convencións do alfabeto da Asociación Internacional de Fonética (AFI/IPA).

Evitaranse, na medida do posible, as notas a pé de páxina. En caso de utilizalas (pregamos que sexan as mínimas), irán sangradas e o número voado despois do signo de puntuación cando a nota faga referencia a todo o enunciado. Se a nota a pé só se refire a unha única palabra, o número voado irá ó final desa palabra. Non se utilizarán paréntese nos números.

2. ENCABEZAMENTO

En primeiro lugar, aparecerá o título do traballo, centrado, en letra redonda, a tamaño 14 e sen punto final. Na seguinte liña, indícarase o nome e o apelido (ou apelidos) da(s) persoa(s) autora(s), centrado, en letra redonda, a tamaño 12 e sen punto final. Por último, na terceira liña indícarase o nome da universidade ou institución á que pertence a(s) persoa(s) autora(s), centrado, en cursiva, a tamaño 12 e sen punto final.

3. UTILIZACIÓN DE ILUSTRACIÓNS, MAPAS, GRÁFICAS, TÁBOAS E SIMILARES

As ilustracións, mapas e gráficas incluídas no documento deberán enviarse ademais como ficheiros independentes, en formato .jpg, coa máxima resolución posible, nunca inferior a 300 ppp. Irán centradas e, sempre que sexa posible, a fonte empregada nas figuras será Times New Roman.

Todas as ilustracións, mapas e gráficas irán cun pé de foto ou título identificativo, a tamaño 10, na parte inferior e centrados. Nomearanse como Figura e, a continuación, o número

correlativo en números arábigos (Exemplo: Figura 1). De citarse no texto, irán acompañadas da mesma expresión entre parénteses.

As táboas que se inclúan no texto, a diferenza das figuras anteriores, non é necesario envialas nun ficheiro independente, mais tamén irán centradas e levarán un pé na parte inferior a tamaño 10, centrado. Irán numeradas de igual maneira que as imaxes mais co nome Táboa (Exemplo: Táboa 1).

As persoas autoras dos textos son as responsables dos dereitos de autoría asociados ás ilustracións, mapas, gráficas e táboas, dos que o Comité organizador queda eximido.

4. FORMA DE CITA

Utilizaranse para as citas textuais as comiñas angulares (« »). As citas bibliográficas referenciaranse dentro do corpo do texto. Para iso, indicárase o apelido ou apelidos da persoa autora seguido dunha coma, un espazo e o ano de publicación. Se se explicita a páxina en que aparece (obrigatorio se son citas textuais), engadirase, tras o ano, unha coma, un espazo e o número de páxina(s) precedido de p. ou pp. Exemplo: «La mort d'una llengua no és tan sols la pèrdua d'un mitjà de comunicació, sinó un sistema simbòlic creat al llarg del segle per una comunitat que ha de tenir el dret a interpretar el món de la seva manera» (Junyent, 1992, p. 93).

Se a persoa autora aparece fóra das parénteses, só deberá citarse dentro destas o ano e, no seu caso, as páxinas concretas. Exemplo: Como indica Méndez Santos, «el language shaming no deja de ser una postura de superioridad o malicia» (2023, p. 89).

No caso de que se trate de citas xerais ou de citas que fagan referencia a un libro completo, será suficiente con que apareza o ano de edición que se estea utilizando.

No caso de introducir varias persoas autoras nunha referencia parentética, separaranse as súas referencias por punto e coma e escribíranse en orde cronolóxica. Exemplo: É preciso mudar o enfoque da difusión do estándar para promover a normalización da lingua galega como lingua minorizada (Ramallo, 2019; Iglesias, 2020; Monteagudo, 2021).

As citas que ocupen máis de cinco liñas de texto realizaranse nun parágrafo á parte, interliñado de 1,25, con sangría de 2 cm na marxe esquerda. A primeira liña da cita non irá sangrada. As citas á parte aparecerán a tamaño 11 e en letra redonda. Non irán entre comiñas.

A supresión de texto dentro dunha cita indicárase con tres puntos suspensivos entre corchetes: [...].

5. EXEMPLOS LINGÜÍSTICOS

Os exemplos lingüísticos deben ir en parágrafo separado coa numeración correspondente entre parénteses con maiúscula inicial, letra redonda e pechados con punto. Se o exemplo se toma dalgún traballo a referencia colocárase despois deste signo de puntuación. Para destacar algún elemento do exemplo utilizarase letra grosa. Exemplos:

- (1) A Xunta de Galiza nega **a emerxencia lingüística**.
- (2) Alfonso Rueda relaciona **a ensinanza en linguas cooficiais** con baixo rendemento escolar.

6. AGRADECEMENTOS

Aquela(s) persoa(s) autora(s) que queiran incluír algún tipo de información acerca de bolsas ou proxectos de investigación que financien ou financiaran o seu traballo deberán incluílo no apartado dos agradecementos, que estará situado antes das referencias bibliográficas.

7. SECCIÓN FINAL DE REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

As referencias bibliográficas deberán seguir as Normas APA 7ª edición. Débese introducir o identificador DOI nas referencias bibliográficas finais. Ademais, débese incluír sempre o nome de pía completo das persoas autoras dos traballos referenciados.

O título desta epígrafe será «Referencias bibliográficas» e incluírá todas as referencias que aparezan no texto, directas ou indirectas (incluídas as que se atopen en notas ó pé). Para facilitar esta tarefa achegamos:

- Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela. Citar en estilo APA. <https://rebusca.usc.gal/citar-estilo-apa>
- Ruiz de Luzuriaga Peña, Manuel (2020). Guía para citar y referenciar. Estilo APA 7ª edición. Zenodo. <https://doi.org/10.5281/zenodo.4455866>

8. LINGUAXE INCLUSIVA

Os textos remitidos deberán empregar unha linguaxe inclusiva. Para facilitar esta tarefa, incluímos algunhas guías como modelo:

- Universidade de Vigo. Manual de linguaxe inclusiva no ámbito universitario. https://www.udc.es/export/sites/udc/oficinaigualdade/_galeria_down/documentos/Manual_Uvigo.pdf_2063069294.pdf
- Euskal Herriko Unibersitatea. Uso inclusivo del castellano. <https://www.ehu.eus/documents/2007376/12795677/Uso-inclusivo-del-castellano.pdf/7dce2de6-4ad3-7353-dd5c-68312586a3cc?t=1568024250000>

- Ministerio de Justicia. Guía para el uso de un lenguaje más inclusivo e igualitario.
<https://www.mjusticia.gob.es/es/AreaTematica/DocumentacionPublicaciones/InstListDownload/Guia%20lenguaje%20inclusivo.pdf>

9. LINGUAS DE REDACCIÓN

As linguas de redacción de orixinais aceptadas na publicación son as mesmas aceptadas no Congreso: as linguas da península Ibérica xunto co inglés.

10. ENVÍO DE ORIXINAIS

Tras comprobar que se cumpre a normativa, enviarase o documento en formato .doc ou .docx titulado “APELLIDO_NOME.docx”. As imaxes, se corresponde, enviaranse en anexo en formato .jpg individuais ou nun arquivo comprimido.

Tanto os arquivos como as dúbidas que poidan xurdir arredor da publicación deberán ser enviadas ao correo electrónico: ajl.santiago@usc.gal.